

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Camba Mejuto

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de xaneiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- ADHESIÓN DO CONCELLO AO PLAN DE ACCIÓN DE AXENDA URBANA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra aprobou o pasado mes de xuño a elaboración do “Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra” destinado a ser o instrumento para converter á provincia nun espazo máis sostible, resiliente, inclusivo e seguro. Nesta data estase elaborando dita Axenda coas diferentes actuacións a desenvolver para o período 2022-2027, nos eidos como o turismo, a xestión de residuos, a mobilidade, o emprendemento ou, entre outros, a eficiencia enerxética.

O Concello, ao non dispor de medios nin de recursos para elaborar un Plan propio, considera beneficioso para o interese municipal adherirse ao dito Plan provincial como unha estratexia para a posible captación de fondos europeos para as diferentes actuacións incluídas no mesmo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello ao Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra, nos termos de implicación no proceso participativo e de execución das actuacións que se contemplan en dito Plan e que sexan de aplicación neste concello.

Segundo.- Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello no Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra, ao Sr. alcalde Don Rubén Perfecto Quintá Quintá.

Terceiro.- Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestruturas do organismo provincial para os efectos oportunos.

### **3.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS**

Vistos o orzamento presentado en data 13/01/22, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola Alcaldía con data 17/01/22, e xustificando no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na actualización, informatización e peche contable do exercicio económico de 2021, á sociedade CONSULTORÍA ICAL S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Nigrán, ao prezo de SEIS MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS (6.897,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

#### 4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

##### IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2021 (Base 8ª Orzamento 2017, prorrogado para o exercicio de 2022)

- AGROCAMBA V. FARO S.L. 200,35 €  
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 21FV-2020.
- SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES E EDITORES 12,68 €  
Por abono de dereitos de autor por proxección cinematográfica, s/factura núm. 1210560109 (FACe).
- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE 800,00 €  
Por desenvolvemento do programa “Campamento de Nadal 2021”, no mes de decembro de 2021, s/factura núm. 17.

##### IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2022

- RAIOLA NETWORKS S.L. 478,49 €  
Por hosting anual do dominio rodeiro.gal, s/factura núm. AD2022-02.
- CONSEJO GENERAL COSITAL 120,00 €  
Por subscrición ao portal de contabilidade pública local, s/factura núm. IN20221180 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 € E 130,44 €  
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6T60001409 e TA6T60001410 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 5,98 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-A2U1-087501 e 28-A2DD-042271 (FACe).

- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 5.067,94 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de decembro de 2021, s/factura núm. 2021/3533 (FACe).
- MANUEL JORGE ALBOR 1.178,54 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 001.
- CORTILAR S.L. 544,00 €  
Por instalación de estores na biblioteca municipal, s/factura núm. 2.880.
- CAMPOS Y MARIÑO S.C. 78,65 €  
Por traballos de limpeza dos traxes do Reis Magos, s/factura núm. 2022/0003.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)